ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 4 DE SETEMBRO DE 2026.

PRESIDENTE:

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA.

VOGAIS:

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA.
DONA LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ.
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA.
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.
D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO.
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.
DONA NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas do día 4 de setembro de 2026 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Asisten o Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén a Secretaria Xeral, María Beatriz del Cerro del Río.

Actúa como Secretario delegado da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, en virtude de nomeamento efectuado por Resolución Presidencial número 2026004574 de data 4 de xuño de 2026.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

1. ***Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 24 de xullo de 2026. (Expte.- 2023057599).***

Sometido a votación o asunto, apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 24 de xullo de 2026.

2. ***Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 7/2026. (Exptes.- 2026065273– 2026064335).***

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 7/2026, asinada con data 1 de setembro de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

"O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ao Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2026. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 07/26) por importe de 8.000.000,00 euros

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que esta Intervención emite informe de data 1 de setembro de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2026.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

***Primeiro**: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 07/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 07/26) por importe de 8.000.000,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

.- Créditos Extraordinarios "EXT. 07/26":

APLICACIÓN	*DENOMINACIÓN*	*IMPORTE*
942-3420-762.95	*A CONCELLOS, PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS_ COOPERACIÓN, (PEID IV_2026).*	*8.000.000,00 €*
	Total Créditos Extraordinarios...	***8.000.000,00 €***

Financiamento do expediente Crédito Extraordinarios "EXT. 07/26":

Os Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	*DENOMINACIÓN*	*IMPORTE*
931-870,01	*Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios (EXT. 07/26)...*	*8.000.000,00 €*
	TOTAL INGRESOS...	***8.000.000,00 €***

Resumo do expediente:

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	*8.000.000,00 €*
SUMA...	***8.000.000,00 €***

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directo.	*0,00 €*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

Capítulo 2º Impostos indirectos.	*0,00 €*
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	*0,00 €*
Capítulo 4º Transferencias correntes.	*0,00 €*
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	*0,00 €*
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	*0,00 €*
Capítulo 7º Transferencias de capital.	*0,00 €*
INGRESOS NON FINANCEIROS...	***0,00 €***
Capítulo 8º Activos financeiros.	*8.000.000,00 €*
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	*0,00 €*
INGRESOS FINANCEIROS...	***8.000.000,00 €***
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	***8.000.000,00 €***

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	*0,00 €*
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	*0,00 €*
Capítulo 3º Gastos financeiros.	*0,00 €*
Capítulo 4º Transferencias correntes.	*0,00 €*
Capítulo 6º Investimentos reais.	*0,00 €*
Capítulo 7º Transferencias de capital.	*8.000.000,00 €*
GASTOS NON FINANCEIROS...	***8.000.000,00 €***
Capítulo 8º Activos financeiros.	*0,00 €*
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	*0,00 €*
GASTOS FINANCEIROS...	***0,00 €***
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	***8.000.000,00 €***

***Segundo**: Este expediente de modificación de créditos número 07/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 07/26) por importe de 8.000.000,00 euros, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles,*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 07/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo."

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo correspondente á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 7/2026, asinada con data 1 de setembro de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor**: **(9)**, do grupo provincial do Partido Popular.

2. **Votos en contra: (0),** ningún.

3. **Abstencións**: **(8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 7/2026, cos votos a favor das Deputadas e

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

3. ***Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa á posta en marcha do "Pacto por Peinador" para a reactivación do Aeroporto de Vigo. (Expte.-2026065713).***

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 1 de setembro de 2026 co número de rexistro WEB2026068239 unha moción relativa á posta en marcha do "Pacto por Peinador" para a reactivación do Aeroporto de Vigo, cuxo contido é o seguinte:

MOCIÓN RELATIVA Á POSTA EN MARCHA DO 'PACTO POR PEINADOR' PARA A REACTIVACIÓN DO AEROPORTO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O aeroporto de Peinador (Vigo) está a padecer nos últimos anos un grave proceso de deterioro xeral, especialmente notorio na oferta de conexións ata situala en mínimos históricos, que está a mermar a mobilidade dos 950.000 cidadáns da provincia.

Desde o PP provincial entendemos que a situación actual do aeroporto de Vigo é competencia de Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA), entidade pública empresarial adscrita ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, e froito da errática política aeroportuaria adoptada polo goberno local de Vigo, que mostrou unha incapacidade manifesta de xestión nesta materia por parte do seu alcalde, Abel Caballero, xa que só serviu para sufragar o servizo provisionalmente pero, en ningún caso, para consolidar ningunha ruta.

Nesta liña, a política de crispación e confrontación do Concello de Vigo está moi alonxada da que están a despregar os outros dous municipios galegos con aeroporto -Santiago e A Coruña- que, con dous modelos distintos, están a conseguir a captación de novas rutas. No caso da cidade herculina, xa conta con seis traxectos e vai incorporar cinco máis, mentres que no caso de Compostela dispón de preto dunha vintena de destinos e vai sumar unha decena máis pola implantación dunha base de Wizz Air tras un acordo entre o Concello, AENA e a Xunta.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

Deste xeito, a falta de esixencia do alcalde vigués ao responsable estatal aeroportuario e a súa habitual lea política fronte á Xunta e a Deputación de Pontevedra, nun exercicio de absoluta irresponsabilidade e prexuízos aos vigueses e aos demais cidadáns da provincia, están a facer esmorecer a infraestrutura viguesa ata situala claramente como a terceira de Galicia malia ser Vigo a cidade máis importante da comunidade.

Así, de entre os tres aeroportos galegos, o de Peinador é o que presenta as cifras máis baixas de viaxeiros e o que sufre a peor tendencia, xa que no primeiro trimestre deste ano perdeu un 3,4% de viaxeiros, conseguiu repuntar nos meses de abril e maio polo peche de Lavacolla por mor das súas obras de mellora, e volveu a retroceder claramente en xuño (-0,5%) e xullo (-4,1%) cunha dinámica que vai agravarse a partires deste mes de setembro pola nova redución de destinos. E todo isto, nun contexto alcista en toda España, que incrementou o tráfico aéreo nunha media dun 5% no que vai de ano.

E desde o PP provincial insistimos en que a situación vai empeorar en Peinador xa que, desde este mesmo mes, só estarán operativos catro destinos: Madrid, Barcelona, Tenerife e Gran Canaria, o que supón unha oferta pírrica e vergoñenta para unha cidade como Vigo e unha provincia con preto dun millón de habitantes.

Esta redución segue a ser unha constante e os bloqueos e fallidos anuncios por parte de Abel Caballero, que dixo o pasado mes de xaneiro que ía conseguir novas rutas e seguimos sen elas en setembro, están a amosarse totalmente inservibles para refrotar e reactivar o noso aeroporto.

Ante esta situación, a vicepresidenta da Deputación e máxima responsable do PP de Vigo, Luisa Sánchez, comezou a liderar a dinamización de Peinador desde que, xa no ano 2025, comezara a reclamar solucións a todas as partes implicadas cunha moción aprobada pola corporación provincial.

E agora, vén de encabezar de novo a busca de alternativas cun compromiso de dotar con 200.000 euros de fondos provinciais para promoción en orixe de cada unha das novas rutas que se implanten durante o seu primeiro ano, que ademais contrasta coa absoluta falta de financiamento da Deputación da Coruña, gobernada polo PSOE, nos seus dous aeroportos. A iso engadiríanse os 100.000 euros máis que achegaría a Xunta de Galicia ata en dúas novas rutas, tal e como propuxo tamén para as instalacións de Alvedro e Lavacolla, e a rebaixa das taxas por parte de AENA. Pero esta proposta provincial foi rexeitada polo Concello de Vigo, ao que acusamos directamente de torpedear todas as solucións, aínda que se prexudique aos cidadáns, simplemente pola súa negativa a alcanzar acordos coas administracións gobernadas polo PP.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

O goberno provincial sostén que a colaboración entre as catro administracións é imprescindible para sacar ao aeroporto de Vigo da mala situación na que se atopa, e cre que tamén se debe implicar aos axentes económicos e sociais. Por este motivo, a comezos do pasado mes de agosto, deu un paso máis e lanzou o denominado 'Pacto por Peinador' para que AENA, Xunta, Deputación e Concello comezasen a negociar neste mes de setembro as medidas necesarias para a consecución de novas rutas para o aeroporto vigués, xa que ademais existen boas perspectivas para acadar conexións con París, Londres, Amsterdam e Milán.

Porén, e malia que o administrador aeroportuario e o Goberno galego xa responderon positivamente a esta proposta e amosáronse a favor dun acordo institucional transversal, o Concello de Vigo calou ante a carta remitida pola vicepresidenta provincial e xa deixou entrever que non quere participar en dito 'Pacto por Peinador'.

En todo caso, desde o PP provincial insistimos en que é fundamental que participen todas as administracións implicadas, polo que queremos reiterar a necesidade de que o Concello de Vigo acepte o convite co obxectivo de que se tracen as iniciativas axeitadas para a captación de máis rutas para Peinador a través dos investimentos de promoción en orixe e tamén coa rebaixa das taxas aeroportuarias por parte de AENA, xa que algunhas compañías, como Ryanair, xa amosaron a súa disposición a regresar a Vigo se diminúen.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Solicitar ao Concello de Vigo que se sume á mesa institucional do 'Pacto por Peinador' impulsado pola Deputación de Pontevedra e orientado a deseñar políticas e accións específicas que permitan a captación de novas rutas e frecuencias para o Aeroporto de Vigo.

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular relativa á posta en marcha do "Pacto por Peinador" para a reactivación do Aeroporto de Vigo, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor**: **(9)**, do grupo provincial do Partido Popular.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

2. **Votos en contra: (0),** ningún.

3. **Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do grupo provincial do Partido Popular relativa á posta en marcha do "Pacto por Peinador" para a reactivación do Aeroporto de Vigo, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

4. ***Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa á defensa da soberanía de Ceuta e Melilla e para esixir ao Goberno de España a adopción de medidas extraordinarias ante os graves acontecementos producidos en Ceuta. (Expte.- 2026065715).***

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 1 de setembro de 2026 co número de rexistro WEB2026068262 unha moción relativa á defensa da soberanía de Ceuta e Melilla e para esixir ao Goberno de España a adopción de medidas extraordinarias ante os graves acontecementos producidos en Ceuta, cuxo contido é o seguinte:

MOCIÓN RELATIVA Á DEFENSA DA SOBERANÍA DE CEUTA E MELILLA E PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS ANTE OS GRAVES ACONTECEMENTOS PRODUCIDOS EN CEUTA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Provincial do PP quere expresar, a través da corporación da Deputación de Pontevedra, o seu firme apoio, proximidade e solidariedade coa Cidade Autónoma de Ceuta, coas súas institucións e con todos os ceutís ante os gravísimos acontecementos vividos durante os últimos días.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

Cremos que o sucedido en Ceuta non pode reducirse a un problema de carácter local nin pode ser afrontado exclusivamente cos recursos ordinarios da Cidade Autónoma. A magnitude dos acontecementos producidos, cunha entrada ilegal e masiva de persoas, que desbordou as súas capacidades ordinarias, esixe unha resposta extraordinaria, coordinada, firme e sostida no tempo por parte do Goberno de España.

O Executivo central debe actuar para restablecer a legalidade, recuperar a normalidade, garantir a seguridade e a orde pública e protexer os dereitos fundamentais e constitucionais de todos os ceutís.

Ningún cidadán de Ceuta pode sentirse só ou desprotexido, como tampouco pode trasladarse a unha cidade española a responsabilidade en materias como fronteiras, inmigración, seguridade, relacións exteriores e defensa da integridade territorial.

O PP provincial considera imprescindible reafirmar, con absoluta claridade e sen ningún xénero de ambigüidade, a indiscutible soberanía española sobre Ceuta e Melilla. A integridade territorial de España non é cuestionable nin negociable.

Ceuta e Melilla non son territorios accesorios nin alleos ao proxecto común da nosa Nación. Son parte inseparable de España, da súa historia, do seu presente e do seu futuro. A súa pertenza a España constitúe unha realidade histórica, xurídica, política e social que esixe o compromiso inequívoco de todas as institucións do Estado.

A defensa de Ceuta e Melilla, da soberanía española, da súa integridade territorial e dos dereitos e liberdades dos españois debe situarse, por tanto, por enriba de calquera diferencia política ou partidista e esixe responsabilidade política, determinación e unidade.

Xunto a isto, recuperar plenamente a normalidade en Ceuta esixe afrontar as consecuencias das entradas ilegais producidas e aplicar de maneira efectiva a lexislación española, europea e os instrumentos internacionais vixentes.

A entrada ilegal en territorio español non pode converterse nunha vía de permanencia automática no noso país. Corresponde ao Goberno de España proceder á identificación de todas as persoas que accederon irregularmente a Ceuta e promover de maneira inmediata o seu retorno a Marrocos, utilizando para iso os procedementos previstos no noso ordenamento xurídico e os mecanismos de cooperación existentes co Reino de Marrocos.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

Desde o PP provincial queremos que a Deputación de Pontevedra recoñeza igualmente a fortaleza demostrada pola sociedade ceutí durante estes días e agradecer o traballo de cantos, desde os servizos públicos e especialmente desde as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, as Forzas Armadas, a Policía Local e os servizos de emerxencia, están a dar o mellor de si para protexer aos cidadáns, manter a seguridade e preservar a convivencia.

Por último, queremos que a Deputación de Pontevedra exprese o seu pesar e consternación pola perda de vidas humanas e o drama vivido, especialmente cando afecta a menores e persoas vulnerables, e traslade a súa proximidade á poboación de Ceuta polo grave impacto humano e social destes acontecementos.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1º.- A Deputación de Pontevedra manifesta o seu firme apoio, solidariedade e proximidade coa Cidade Autónoma de Ceuta, as súas institucións e todos os ceutís ante os graves acontecementos producidos, e expresa o seu compromiso inequívoco coa defensa da súa seguridade, convivencia, dereitos e liberdades.

2º.- Recoñecer e reafirmar solemnemente a inquebrantable pertenza de Ceuta a España, sustentada na historia, o Dereito, a nosa orde constitucional e democrática e, de manera inequívoca, na vontade libre e manifesta dos seus cidadáns; e rexeitar de forma rotunda calquera actuación que, dialecticamente ou pola vía dos feitos, pretenda cuestionar ou menoscabar a soberanía nacional e a integridade territorial de España, proclamando que Ceuta e Melilla son parte inseparable da Nación española e que a súa soberanía non se cuestiona, non se negocia e deféndese.

3º.- Instar ao Goberno de España a despregar e manter en Ceuta todos os recursos, medios e capacidades do Estado que sexan necesarios, incluidos cantos recursos extraordinarios resulten precisos, ata garantir a recuperación plena da normalidade, a seguridade, a orde pública e o exercicio efectivo dos dereitos fundamentais e constitucionais dos ceutís.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

4º.- Instar ao Goberno de España a proceder de maneira inmediata á identificación de todas as persoas que accederon irregularmente a territorio español a través de Ceuta durante estes acontecementos e promover e executar, con carácter inmediato, o retorno efectivo a Marrocos, aplicando de maneira áxil os procedementos individualizados legalmente establecidos e utilizando todos os mecanismos de cooperación bilateral e europea dispoñibles para facer efectivos ditos retornos.

5º.- Manifestar o recoñecemento e agradecemento da Deputación de Pontevedra ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, as Forzas Armadas, a Policía Local, os servizos de emerxencia e todos os empregados públicos que están a traballar en defensa da seguridade, a convivencia e os dereitos dos cidadáns de Ceuta.

6º.- Instar ao Goberno de España a exercer plenamente as competencias que constitucional e legalmente lle corresponden en materia de control de fronteiras, inmigración, seguridade e relacións internacionais, evitando trasladar á Cidade Autónoma de Ceuta responsabilidades que corresponden ao Estado.

7º.- Instar ao Goberno de España a esixir ao Reino de Marrocos o cumprimento efectivo das súas obrigas e compromisos de cooperación con España en materia de control fronteirizo, loita contra a inmigración irregular e readmisión e retorno dos seus nacionais.

8º.- Instar ao Goberno de España a reforzar de maneira permanente a protección e vixilancia da fronteira española en Ceuta, garantindo os recursos humanos, materiais, tecnolóxicos e operativos necesarios para previr novos episodios de entrada irregular masiva e protexer eficazmente as nosas fronteiras.

9º.- A Deputación Provincial de Pontevedra declara solemnemente a indiscutible soberanía española sobre Ceuta e Melilla, cidades que constitúen parte inseparable de España, da súa integridade territorial e do noso proxecto común como Nación, cuxa defensa constitúe unha responsabilidade irrenunciable do Goberno de España e do conxunto das institucións do Estado.

10º.-. Dar traslado dos presentes acordos ao presidente do Goberno de España, ao Ministerio do Interior, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, ás Presidencias do Congreso dos Deputados e do Senado e á Presidencia da Cidade Autónoma de Ceuta e á Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias."

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular relativa á defensa da soberanía de Ceuta e Melilla e para esixir ao Goberno de España a adopción de medidas extraordinarias ante os graves acontecementos producidos en Ceuta, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor**: **(9)**, do grupo provincial do Partido Popular.

2. **Votos en contra: (2),** do grupo provincial do BNG.

3. **Abstencións**: **(6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do grupo provincial do Partido Popular relativa á defensa da soberanía de Ceuta e Melilla e para esixir ao Goberno de España a adopción de medidas extraordinarias ante os graves acontecementos producidos en Ceuta, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

5. ***Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto. (Expte.-2026065721).***

A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 1 de setembro de 2026 co número de rexistro WEB2026068266 unha moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto, cuxo contido é o seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE A XUNTA DE GALICIA A GARANTIR A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

A educación é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, tal e como recolle o Estatuto de Autonomía e a propia Lei orgánica de educación. Neste marco, a administración autonómica ten a responsabilidade directa de garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación obrigatoria, o que inclúe, de forma inequívoca, a gratuidade efectiva dos libros de texto para todo o alumnado.

Neste comezo de curso estamos a comprobar a insensibilidade do goberno da Xunta de Galicia que xa se puxo de manifesto dende a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta no ano 2009 na que a súa primeira medida foi a supresión da gratuidade dos libros de texto.

A gratuidade dos libros de texto é unha medida perfectamente asumible nestes momentos nos que as familias teñen que facer un gran esforzo para asumir ese custo.

A política de recortes dende a chegada de Alberto Nuñez Feijoo á Xunta de Galicia foi xeneralizada e inxustificada e leva anos mermando a calidade da educación publica. Ao longo dos últimos anos asistimos a novos recortes que poñen de manifesto que a política do señor Alfonso Rueda continúa nesa mesma liña.

A medida de gratuidade dos libros de texto é algo fundamental para axudar ás familias a afrontar un inicio de curso que ven marcado polo incremento de prezos.

Son numerosas as medidas que está a tomar o Goberno de Pedro Sánchez para apoiar as clases medias e traballadoras e para protexer aos mais vulnerables.

A Xunta de Galicia debería sumarse a esas medidas empezando por garantir a gratuidade dos libros de texto.

Resulta sorprendente que o señor Feijoo reclame medidas similares noutras Comunidades Autńomas nas que non goberna o Partido Popular e non as apliquen en Galicia.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto de forma inmediata."

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

Sometida a votación a moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE, para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor**: **(6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

2. **Votos en contra: (9),** do grupo provincial do Partido Popular

3. **Abstencións**: **(2)**, do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a garantir a gratuidade dos libros de texto, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular (PP) e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

6. ***Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a asumir integramente o custo do servizo de axuda no fogar (SAF) e eximir aos concellos do seu financiamento parcial. (Expte.-2026065722).***

A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 1 de setembro de 2026 co número de rexistro WEB2026068267 unha moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a asumir integramente o custo do servizo de axuda no fogar (SAF) e eximir aos concellos do seu financiamento parcial, cuxo contido é o seguinte:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A ASUMIR INTEGRAMENTE O CUSTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E EXIMIR AOS CONCELLOS DO SEU FINANCIAMENTO PARCIAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) constitúe unha prestación esencial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, permitindo que as persoas maiores e en situación de dependencia poidan permanecer no seu domicilio coas garantías necesarias de atención e calidade de vida.

Nos últimos anos, os concellos galegos asumiron unha parte crecente do financiamento deste servizo, soportando un custo que supera amplamente os recursos transferidos pola Xunta de Galicia. Esta situación está a comprometer a sustentabilidade económica das entidades locais e limita a súa capacidade para prestar outros servizos públicos esenciais.

A recente reforma do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia reforza o compromiso de incrementar o financiamento público deste ámbito, polo que resulta necesario que a Xunta de Galicia adapte o seu modelo de financiamento para evitar que os concellos continúen asumindo unha carga económica que non lles corresponde.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

1. *Instar á Xunta de Galicia a asumir integramente o financiamento que lle corresponde do Servizo de Axuda no Fogar no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, eximindo aos concellos de ter que achegar financiamento propio para cubrir o custo das prestacións recoñecidas.*
2. *Instar á Xunta de Galicia a revisar de maneira inmediata o modelo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, garantindo que o incremento do financiamento estatal destinado ao sistema de dependencia reverta efectivamente nas entidades locais.*
3. *Instar á Deputación Provincial a apoiar esta reivindicación institucional e a colaborar cos concellos da provincia na defensa dun modelo de financiamento suficiente, estable e sostible para o Servizo de Axuda no Fogar.*
4. *Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería competente en materia de política social e á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o seu coñecemento e efectos oportunos."*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

Sometida a votación a moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE, para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a asumir integramente o custo do servizo de axuda no fogar (SAF) e eximir aos concellos do seu financiamento parcial, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor**: **(6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

2. **Votos en contra: (9),** do grupo provincial do Partido Popular

3. **Abstencións**: **(2)**, do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a asumir integramente o custo do servizo de axuda no fogar (SAF) e eximir aos concellos do seu financiamento parcial, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular (PP) e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

7. ***Dar conta do informe da Intervención sobre o período medio de pago a proveedores correspondente ó mes de xullo de 2026. (Exptes.- 2026065274 – 2026062452).***

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a proveedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xullo de 2026, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 11 de agosto de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

"*A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xullo de 2026 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XULLO 2026

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xullo	17,4000000000	5.132.211,29	8,8400000000	1.782.181,90	**15,1936636456**
Escola de Enfermería	Xullo	6,8500000000	2.830,94	0,0000000000	0,00	**6,8500000000**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

Consorcio de Incendios e Salvamento	*Xullo*	*4,8800000000*	*44.834,64*	*0,0000000000*	*0,00*	***4,8800000000***

Consorcio Deza Tabeiros	*Xullo*	*2,0000000000*	*12.575,82*	*3,0000000000*	*6.896,30*	***2,3541627722***

TOTAL		***5.192.452,69***		***1.789.078,20***	***15,0882366094***

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a proveedores correspondente ó mes de xullo de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes,** en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financieira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a proveedores das Administracións Públicas.

8. ***Dar conta dos informes da Intervención sobre a auditoría das contas anuais da Escola Universitaria de Enfermería do exercicio 2025 e das recomendacións de control interno e adicional (IRCIA). (Exptes.- 2026065277 – 2026018350).***

A sociedade de auditoría BM NEIRA AUDITORES, S.L.P. (C.I.F.- B-32468647) en virtude do contrato subscrito coa Deputación de Pontevedra, colaborou coa Intervención Provincial nos traballos de realización da auditoría da conta xeral da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra correspondente ao exercicio 2025, que comprende o balance a 31 de decembro de 2025, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondente ao exercicio anual rematado en dita data.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

A Intervención Provincial, en uso das competencias que lle atribúe o artigo 29.3 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local elaborou os informes de auditorías sobre a base do traballo realizado pola sociedade de auditoría BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., sendo o contido dos informes definitivos sobre a auditoría das contas anuais da Escola Universitaria de Enfermería do exercicio 2025 e das recomendacións de control interno e adicional (IRCIA), os seguintes:

- Informe definitivo sobre a auditoría das contas anuais da Escola Universitaria de Enfermería do exercicio 2025, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 12 de agosto de 2026.

"A los miembros del Pleno de la Diputación de Pontevedra y al Patronato de la Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra

Denegación de opinión

La Intervención Provincial de la Diputación de Pontevedra, en uso de las competencias que le atribuye el artículo 29.3 del Real Decreto 424/2017 , de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local, es el órgano competente para auditar la cuenta general de la Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra (en adelante la Escuela), que comprende el balance a 31 de diciembre de 2025, la cuenta de resultado económico-patrimonial, el estado de cambios en el patrimonio neto, el estado de liquidación del presupuesto y la memoria correspondiente al ejercicio anual terminado en dicha fecha.

No expresamos una opinión sobre la cuenta general de la Escuela adjunta. Debido al efecto muy significativo de las cuestiones descritas en la sección Fundamento de la denegación de opinión de nuestro informe, no hemos podido obtener evidencia de auditoría que proporcione una base suficiente y adecuada para expresar una opinión de auditoría sobre esta cuenta general.

Fundamentos de la denegación de opinión

No hemos podido verificar el inventario de los elementos del inmovilizado material, así como comprobar el coste, amortización acumulada y dotación a la amortización del ejercicio, que según la cuenta general adjunta ascienden a 356.756,74, 275.452,68 y 10.339,57 euros respectivamente, como consecuencia de que no se dispone del correspondiente registro detallado de inmovilizado. De este modo no se ha podido dar validez a un importe de 81.304,06 euros ubicados en el epígrafe II. "Inmovilizado

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FE5R1LGNEJ4NI8AH

material" del Activo no corriente y a un importe de 10.339,57 euros ubicados en el epígrafe 12. "Amortización del inmovilizado" de la Cuenta del resultado económico patrimonial.

La entidad no nos ha facilitado documentación soporte adecuada para dar validez a un importe de 401.564,17 euros, recogido dentro del epígrafe I. "Patrimonio", hecho que origina una limitación al alcance.

